



1

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello presenta ao pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa a redución da taxa municipal de recollida de basura nun 10%.

### **Exposición de Motivos:**

A Taxa por recollida de residuos ten por obxeto gravar a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de basura domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. Súa regulación establece mediante unha ordenanza fiscal municipal, de acordo co disposto no artigo 106 da lei 7/1985 de 2 de Abril en coherencia co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de Marzo.

Durante estes anos todos os concellos tentan avanzar en medidas de reciclaxe, tamen dende a Unión Europea se tenta conseguir unha redución dos residuos sólidos, a directiva europea 2008/98/CE e un primeiro obxectivo. Dende o Partido Popular xa propúxenos nesta lexislatura a instalación de contedores de aceite.

Durante os anos da crise económica o canon que teñen que pagar os concellos veuse agravado pola redución dos ingresos do servizo galego do medio ambiente. No concello da Pobra o igual que en moitos outros o goberno do Partido Popular optou por conxelar a taxa e non repercutirle esta subida os veciños/as o igual que fixeron moitos concellos da bisbarra.

Hoxe presentase a oportunidade de reducir o canon que paga o concello pola recollida e por ende o que pagan os veciños, a cambio de comprometermos a aumentar o reciclaxe que se produce no noso concello, creemos que se trata dunha aposta por establecer cambios de actitudes e condutas xeradoras de cadeas de valor, fundindo o acto de reciclar co fomento de ámbitos sostibles, con outros beneficios económicos e medioambientais.

A Pobra do Caramiñal

**Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:**

2

1. Que o Concello suscriba con Sogama os acordos precisos encamiñados a aumentar o reciclado para ver así reducido o canon que se paga nun 10%, e que esta redución se aplique no recibo que pagan os veciños/as polo mantemento do servizo
2. Que o Concello faga unha campaña entre os veciños e empresas xeradoras de residuos para mellorar o nivel de reciclaxe e leve un estudo que permita ir comprobando os avances no reciclado, de residuos sólidos, así coma outro tipo de residuos.

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**